

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 23.10.2020

Hora: 10:30

A Comisión 7^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 23 de outubro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 1702 (11/POC-000275)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para excluír as solicitudes presenciais no artigo 9.1 do Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes privados de Galicia, así como o seu impacto para as oficinas agrarias comarcais e os propietarios do monte
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16, do 17.09.2020
- 1.2 3058 (11/POC-000488)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a erosión do terreo, a perda de solo e a contaminación dos ecosistemas fluviais polos arrastres nas zonas de Ourense afectadas polos incendios do mes de setembro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31, do 15.10.2020

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.1 2900 (11/PNC-000323)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas ordes de axudas para a prevención dos danos causados nos bosques polos incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 30, do 14.10.2020
- 2.2 3050 (11/PNC-000340)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co
impacto que está a ter a crise xerada pola covid-19 no sector gandeiro,
nomeadamente no produtor de carne
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 30, do 14.10.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2020

Daniel
Vega Pérez

Firmado digitalmente por Daniel
Vega Pérez
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Daniel Vega Pérez,
email=daniel.vega.perez@parlament
odegalicia.es
Fecha: 2020.10.19 14:27:28 +02'00'

Daniel Vega Pérez
Presidente da Comisión





Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 19/10/2020 14:27:28



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Daniel Vega Pérez	P
Vicepresidente	
José Manuel Cores Tourís	P
Secretario	
Xosé Luís Rivas Cruz	BNG

Vogais

María del Carmen Aira Díaz	BNG
Raquel Arias Rodríguez	P
José Antonio Armada Pérez	P
María Elena Candia López	P
Ramón Carballo Páez	P
María González Albert	BNG
Rubén Lorenzo Gómez	P
María del Carmen Rodríguez Dacosta	S
Martín Seco García	S

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 23.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 23.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 1702(11/POC-000275)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para excluír as solicitudes presenciais no artigo 9.1 do Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes privados de Galicia, así como o seu impacto para as oficinas agrarias comarcais e os propietarios do monte

Publicación da iniciativa, 16, 17.09.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2020 16:51:02
Nº Rexistro: 1702
Data envío: 10/09/2020 16:51:02.494

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e Maria González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 73/2020, de 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes privados de Galicia ven de introducir importantes cambios na concesión de permisos para os aproveitamentos nel regulados.

Establécese no artigo 9.1 que “as solicitudes de autorización, declaracións responsables e comunicacións se presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia...”

É, a todas luces, unha medida innecesaria e totalmente desconectada da realidade social do sector forestal e de Galiza enteira.

Neste país hai concellos nos que máis do 50% da poboación supera os 65 anos, e que teñen, ademais, un déficit de acceso á rede internet serio.

Son condicionantes que non deberían ser descoñecidos para calquera xestor público, polo que pretender facer con estas varas un trámite administrativo exclusivamente electrónico só ten un cualificativo: descoñecemento do noso medio

CSM-REXISTROG6DyFliz9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csm/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2020 16:51:02
Nº Rexistro: 1702
Data envío: 10/09/2020 16:51:02.494

rural, ou o que é peor, poñer trabas innecesarias a unha actividade económica cento por cento rural por pura modernidade oca ou por comodidade dos xestores.

No ano 2019 o 40% das solicitudes de cortas presentáronse en Galiza en formato papel, sendo destacables o caso da provincia de Ourense, na que este medio representou o 75% das solicitudes.

Das presentadas a través de formato electrónico mediante o modelo MR604H máis do 75% foron tramitadas a través dos servizos de extensión forestal, isto é, por un funcionario do corpo de axentes forestais de Galiza ou ben persoal administrativo da propia consellería. Estamos a falar que o 85% das solicitudes presentáronse fuxindo do trámite electrónico, polo que consideramos que un decreto que obvie esta realidade debe ser reformado para facilitar un aproveitamento óptimo e adaptado á realidade dos nosos montes e os nosos pobos.

En toda Galicia existen, de momento, as oficinas agrarias comarcais (OAC) coa presenza dun/ha veterinari@, un/ha enxeñeir@ técnico@ agrícola e un/ha enxeñeir@ técnico@ forestal, con persoal administrativo de apoio, que poden facilita-lo acceso a eses trámites ou mesmo realízalos para as persoas con dificultades.

O labor dos servizos de extensión forestal non deberan reducirse, máis ben deberían ampliarse na opinión deste Grupo Parlamentar do BNG.

O labor de asesoramento, de fomento da actividade forestal, de mellora dos ecosistemas ou da prevención de riscos e incendios que fan os axentes no contacto coa poboación a través dos servizos de extensión é impagable. Reducir ese contacto por unha mal entendida modernización da administración non consideramos que sexa o camiño a seguir.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2020 16:51:02
Nº Rexistro: 1702
Data envío: 10/09/2020 16:51:02.494

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Cales son os motivos polos que o goberno galego exclúe as solicitudes presenciais para os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes privados de Galicia ?

-Pretende seguir baleirando de contido as Oficinas Agrarias Comarcais?

-É consciente o goberno galego da media de idade dos propietarios de monte privado e das carencias en cobertura de internet de numerosas zonas do territorio rural?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Carmen Aira Díaz

Maria González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/09/2020 16:47:28

CSV REXISTRO GEDYFI129
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2020 16:51:02
Nº Registro: 1702
Data envío: 10/09/2020 16:51:02.494

María del Carmen Aira Díaz na data 10/09/2020 16:47:40

María González Albert na data 10/09/2020 16:47:48

CSV, REGISTRO de FID29
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 23.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 3058(11/POC-000488)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a erosión do terreo, a perda de solo e a contaminación dos ecosistemas fluviaais polos arrastres nas zonas de Ourense afectadas polos incendios do mes de setembro

Publicación da iniciativa, 31, 15.10.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3058
Data envío: 06/10/2020 14:13:56.171

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O parque Natural Serra do Xurés pertence a Reserva da Biosfera Transfronteriza Geres-Xurés declarada no ano 2009 cunha superficie total 330.874 hectáreas. Sitúase ao sudoeste da provincia de Ourense, entre España-Portugal. En Portugal sitúanse 267.958 ha. e en Galicia 62.916 hectáreas.

En Galicia comprende os concellos de Entrimo, Calvos de Randín, Bande, Lobeira, Lobios e Muíños.

Conten títulos tan relevantes como son os seguintes: Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) “Baixa Limia - Serra do Xurés”, de 31.287 ha; zona Especial de Conservación (ZEC) “Baixa Limia”, de 33.920 ha; Parque Natural “Baixa Limia - Serra do Xurés” de 29.345 ha; zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) “Baixa Limia-Serra do Xurés” de 31.287 ha e “Baixa Limia” de 33.920 ha.; Parque Nacional da Peneda Gerês (Portugal); SIC Serras da Peneda e Gerês; Reserva Bioxénica Matas de Palheiros Albergaria; Re de Reservas Bioxénicas do Consello de Europa.

Este espazo natural conta cunha rede hidrográfica densa, ecosistemas en bo estado de especies de fauna e flora de excepcional interese para a conservación da natureza e a biodiversidade. E cun importante patrimonio natural e cultural.

A pesar de todo isto, a protección fronte aos incendios dunha zona tan rica en patrimonio natural é inexistente ademais de que non nos consta que exista unha coordinación entre a Xunta de Galicia e a Administración do país veciño, Portugal, na especial protección e desenvolvemento desta zona, así como no estudo das causas dos incendios que veñen tendo lugar desde o ano 2016.

No ano 2016, 3.000 hectáreas foron arrasadas polo incendio ocorrido no parque natural no concello de Entrimo. Este pasado mes de setembro de 2020 o parque natural, no concello de Lobios, estivo a sufrir de novo o drama do lume, outras 3.000 ha. do parque foron consumidas polo lume ata a chegada da choiva.

Despois de máis de 15 días desde a extinción dos lumes, todos esperabamos que a Xunta de Galicia actuase con máis preza para evitar a erosión do terreo, a perda de solo, e que os arrastres do lume non contaminen os ecosistemas fluviais. Urxe a actuación da Administración para comezar a restauración dos montes calcinados e axudar ás poboacións afectadas polo lume. Nos derradeiros días de setembro, andaban nos montes





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3058
Data envío: 06/10/2020 14:13:56.171

calcinados os apicultores avaliando danos e buscando onde levar as colmeas para que non morresen as abellas, gandeiros arranxando peches e buscando pasteiros onde levar o gando, pero o que non viron aínda foi ao persoal da Xunta de Galicia avaliando ou realizando traballos nas zonas calcinadas polo lume.

Urxe comezar antes da chegada de temporais que acentúen os arrastres e acrecenten o desastre medioambiental que xa ten o parque, recordar que a Lei de prevención e defensa contra os lumes forestais de Galicia di no artigo 49:

“Mantenimiento y restauración de los terrenos incendiados.

1º) Anualmente, una vez finalizada la época de peligro alto de incendios forestales, la Administración autonómica gallega promoverá la elaboración de un mapa de riesgos, asociados a los incendios forestales del último período, en el que se concretarán las zonas sensibles a la erosión, la afección sobre los cursos y recursos hídricos, forestales y pesqueros y las infraestructuras

2º) Asimismo promoverá la adopción de medidas urgentes y de colaboración con los afectados por los incendios forestales para llevar a cabo en las zonas de actuación prioritaria y que serán acometidas por los diferentes departamentos o consejerías competentes en la respectiva materia sectorial. Estas medidas urgentes podrán consistir en actuaciones para la conservación de los ecosistemas naturales, de los recursos forestales, hídricos y del suelo y en medidas destinadas a la regeneración de los terrenos, estableciendo limitaciones o prohibiciones de aquellas actividades que sean incompatibles con la regeneración de la cubierta vegetal.

3º) Este mapa de riesgos se elaborará por una comisión de carácter interdepartamental, en la que estarán representadas las diferentes consejerías con competencias en los sectores afectados por los incendios forestales. Su creación, composición y régimen jurídico se determinará reglamentariamente.

4º) El Consello de la Xunta de Galicia podrá declarar de utilidad pública las ocupaciones de infraestructuras o bienes privados que sean necesarios para la ejecución de las obras de restauración y regeneración de los terrenos quemados, así como para la realización de cualquier actuación destinada a la protección hidrológica a los efectos de lo previsto en la legislación sobre expropiación forzosa”

Por todo o exposto o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas: _





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Registro: 3058
Data envío: 06/10/2020 14:13:56.171

1ª) Cales son as actuacións que ten previsto levar a Xunta de Galicia para evitar a erosión do terreo, a perda de solo, e que os arrastres do lume non contaminen os ecosistemas fluviais, despois dos lumes de setembro en Ourense?

2ª) En caso afirmativo, ¿Cando pensan levalas a cabo?

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 06/10/2020 10:30:06

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/10/2020 10:30:22

CSX: REGISTRO28wz5p9q6x6
Verificar
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 23.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 23.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 2900(11/PNC-000323)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas ordes de axudas para a prevención dos danos causados nos bosques polos incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor)

Publicación da iniciativa, 30, 14.10.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 13:43:32
Nº Rexistro: 2900
Data envío: 02/10/2020 13:43:32.103

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **María González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No DOG do 19 de febreiro do 2020 publícase a:

ORDE do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020 (códigos de procedemento MR651A e MR651B).

O orzamento desta convocatoria ascende a 5´8 millóns de euros e establécense dúas liñas de subvención:

- a) Liña I: subvencións para o control selectivo de combustible (código de procedemento
- b) Liña II: subvencións para a construción de puntos de auga





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 13:43:32
Nº Rexistro: 2900
Data envío: 02/10/2020 13:43:32.103

O obxectivo da primeira liña é reducir a carga de combustible presente no monte e crear zonas con discontinuidades horizontal e vertical, contribuíndo así a anticiparse ós incendios.

Non é a primeira vez que desde o BNG denunciemos esta burla. Se estas axudas van encamiñadas a crear condicións de prevención dos lumes facendo rozas para o control selectivo de combustible en áreas de devasas, faixas auxiliares de pista, rexenerado forestal natural así como na roza de penetración, rareo e eliminación de restos das entrefaixas de masas forestais e ademais a creación de puntos de auga en lugares estratéxicos para caso de incendio.

Se isto é así, as axudas chegan cando o lume xa pasou polo que 5'8ME de fondos públicos son investidos inutilmente, sen posibilidade de cumpriren a fin para a que foron orzamentados porque entendemos que en boa lóxica deberan ser resolvidas antes do inicio da época de alto risco.

Pois ben, este ano comezaron a se comunica-las resolucións a mediados de setembro cando a pasada vaga de lumes de Ourense e o proceso dilátase, pois recibidas as comunicacións de concesións das axudas ábrese un prazo de 10 días para presentar unha memoria explicativa dos traballos a realizar. Logo técnicos de M. Rural terán que supervisa-lo proxecto *in situ* antes de autoriza-lo inicio dos traballos preventivos.

E así, alá para novembro ou decembro teremos rematadas estas accións preventivas cando a prevención xa non ten a efectividade desexada. Fóra de tempo e sen xeito.

Sería oportuno para non tira-los cartos, nada menos que 5'8ME, que este tipo de axudas fosen programadas cun mínimo de intelixencia e coñecemento da realidade de

CSX4 REXISTROpRngClqrJw1
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 13:43:32
Nº Rexistro: 2900
Data envío: 02/10/2020 13:43:32.103

xeito que a prevención puidese estar feita inmediatamente antes da época de risco. Sería moito pedir?

Porque deste xeito podemos concluír que este ano non houbo medidas de prevención feitas polas comunidades de montes con financiación da Xunta.

As contas son fáciles de botar aínda sen contar con atrancos coma a Covid19. Publícase o 19 de febreiro, un mes de prazo para a presentación de solicitudes e estamos a 21 de marzo, un mínimo de tres meses para resolver estamos a finais de xuño... E cando facémo-las rozas?

Por certo, non vemos ningunha razón pola que as CCMMVV non poidan facer os traballos por conta propia en tendo maquinaria e persoal. Sería un xeito de incentivar o emprego local e engadir un plus de beneficio social a esta figura singular.

E así cremos que non queda outra; ou publicamos antes ou acortamos os prazos de resolución, pero os traballos de prevención levan o seu tempo e en boa lóxica deberán estar rematados antes do período de alto risco.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

--Publicar estas ordes de axudas á prevención -destinadas especialmente a Comunidades de Montes Veciñais e figuras de xestión comunitaria tipo SOFOR-, en tempo para que o cumprimento dos prazos, incluídos os destinados á efectua-





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 13:43:32
Nº Rexistro: 2900
Data envío: 02/10/2020 13:43:32.103

traballos obxecto da axuda, permitan que a prevención estea feita antes do período de alto risco.

--Contemplan a posibilidade de que os traballos poidan ser efectuados polas propias Comunidades de Montes Veciñais en caso de contaren con maquinaria e persoal propio.”

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Carmen Aira Díaz

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/10/2020 13:39:09

María del Carmen Aira Díaz na data 02/10/2020 13:39:21

María González Albert na data 02/10/2020 13:39:31





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 13:43:32
Nº Registro: 2900
Data envío: 02/10/2020 13:43:32.103

Ana Pontón Mondelo na data 02/10/2020 13:39:41

CSV, REGISTRO
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 23.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 3050(11/PNC-000340)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter a crise xerada pola covid-19 no sector gandeiro, nomeadamente no produtor de carne

Publicación da iniciativa, 30, 14.10.2020



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

A crise da covid-19 ameaza con afundir ao sector da carne en Galicia e ás máis de 10.500 explotacións profesionais existentes, ante a pasividade do Goberno galego. Preto de 20.000 empregos están en risco entre produtores, matadoiros, salas de despece e veterinarios, pero ademais do terrible efecto económico que causaría esta situación, a implantación de grande parte destas explotacións no territorio da montaña galega, tería un efecto devastador no ámbito social, medioambiental e territorial, nesa Galicia que debe ter as ditas explotacións como base esencial contra o abandono e a loita contra os incendios forestais.

A crise da covid-19 causou unha caída importante do consumo de carne derivado dos peches no canal de restauración, da caída do turismo e dos cambios nos hábitos de consumo, e todo parece indicar que a dita crise estará presente durante todo o ano 2020, no mellor dos casos.

En Galicia o sector da carne é vital para a nosa economía e foi esencial nos momentos máis duros da pandemia, garantindo o abastecemento de alimentos á cidadanía. Co peche dos mercados locais e feiras, todo o peso caeu nas grandes cadeas de alimentación, que causou un forte descenso nos prezos pagados aos produtores, mentres os consumidores observaban como aumentaba o gasto na súa cesta da compra.

O prezo medio das liquidacións entre abril e xuño deste ano foi de 4,17 euros por Kg/canle en tenreira de calidade suprema e de 2,5 euros de Kg/Canle en tenreira normal, cun descenso de ao redor de 50 céntimos en ambos casos con respecto a 2019. No caso da carne de desvelle a depreciación foi brutal, xa que nalgúns casos a caída do prezo foi do 50 %. Os prezos de produción de carne de vacún sitúanse entre 5,05 e 5,37 euros/kg segundo os propios datos do Ministerio de Agricultura.

A Xunta de Galicia debe velar polo cumprimento da Lei da cadea alimentaria en todos os sectores alimenticios e por suposto nos diferentes sectores da carne, vacún, porcino, avícola, cunícola, ovino, bovino e caprino, para garantir a





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3050
Data envío: 06/10/2020 14:10:14.863

supervivencia dos nosos gandeiros que están a cobrar por debaixo dos costes de produción, tendo que gastar os seus aforros ou acudir a préstamos bancarios que en moitos casos non poden soportar. Cómpre a posta en marcha dun observatorio de prezos para poder estabilizar os mercados e a Administración autonómica debe velar polo cumprimento dos contratos e os prezos aprobados na mesa de negociación.

Se queremos facer unha aposta polos produtos de calidade da nosa terra, o primeiro paso debe ser que a propia Administración autonómica introduza nos contratos dos servizos de comedor e *catering*, dependentes dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia, a utilización de produtos do noso país.

Por outra banda, a Xunta de Galicia debe aplicar mellores vías de negociación para que as grandes superficies comercialicen a excelente carne dos nosos produtores, non pode ser que grandes cadeas alimentarias adheridas ao canal de *mercaproximidade* como “Vou de Superfeirón” non teñan nin un só gramo de carne galega.

A Xunta de Galicia debe axilizar o compromiso adquirido co sector gandeiro, para poñer en marcha un programa de axudas directas de ata 24 millóns de euros, que xa autorizou a UE e complementar as ditas axudas con fondos propios da Xunta de Galicia, xa que de non ser así, só se compensaría a unhas 3.400 explotacións, lonxe as 10.400 que están a padecer a crise. A axuda con fondos da UE, débese facer por vaca nodriza, cunha maior contía para as primeiras 20 da explotación e cun límite máximo por explotación.

Por outra banda, e debido a que aínda non está en funcionamento o novo período da PAC, o Goberno galego debe implementar nos orzamentos dos próximos anos, mecanismos para garantir que as máis de 4.200 explotacións, na súa maioría de produtores de carne, reciban as contías que recibían como axudas agroambientais da UE, unha media de 4.000 euros por explotación, que son imprescindibles para poder manter a súa actividade nos vindeiros dous anos.

Cremos errada a posición da Xunta de Galicia de renunciar a $\frac{2}{3}$ das posibles asignacións do PDR para compensar os problemas de competitividade que teñen que afrontar explotacións que se vén afectadas por limitacións naturais derivadas da altitude, orografía e outras, unha decisión que supón un golpe nunhas explotacións que xa están a sufrir duramente a crise e que non poden repercutir os seus custos de produción cuns prezos estancados desde hai 30 anos, mentres se dedican eses fondos do PDR a rozas das “aldeas modelo” ou a medios aéreos para os incendios forestais.

CSX4 REXISTRO/HD/17mC4
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Registro: 3050
Data envío: 06/10/2020 14:10:14.863

A estratexia da Xunta de Galicia debe basearse na aposta por unha gandaría extensiva de calidade, por incentivar a investigación pública para aumentar a calidade do noso produto e a súa alimentación, por modernizar as canles de envasado e despece dos produtos cara ao consumidor, utilizar os medios de negociación para garantir a presenza da nosa carne nas cadeas alimentarias do noso territorio e apostar pola expansión ao mercado exterior con produtos de alta calidade, baixo selos que garantan a certificación en todas as materias posibles, saúde, medioambiente, ...

O sector do bovino e caprino deixou de ingresar máis de 700.000 euros pola dita crise, sen que as axudas do Estado cubran en boa parte esas perdas, o sector cunícula e avícola tamén deixou de ingresar contías importantes, como no caso do polo, no que os produtores cifran que deixarán de ingresar 3,5 millóns de euros.

As explotacións de vacún, pero tamén de coello, avícola, ovino e cabrún necesitan da implicación da Administración autonómica ante a imposibilidade de colocar no mercado as reses en idade óptima para o consumo, ou a conxelación dos seus produtos ante a baixada da demanda, o que supón un aumento no coste de produción e a baixada dos prezos aos que lles mercan os seus produtos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º) Establecer con rapidez un plan de axudas directas aos sectores gandeiros afectados pola crise da covid-19, utilizando os fondos do PDR asignados pola UE e complementado co orzamento da Xunta de Galicia, que garantan a supervivencia das explotacións afectadas.
- 2º) Velar polo cumprimento da Lei da cadea no sector da carne, que faga que as explotacións poidan vender por encima dos costes de produción, coa creación dun observatorio de prezos.
- 3º) Implementar mecanismos orzamentarios para que a partir de 2021, mentres non está en funcionamento a nova PAC, os gandeiros reciban as axudas agroambientais.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3050
Data envío: 06/10/2020 14:10:14.863

4º) Utilizar ao 100 % os fondos do PDR que se poden utilizar como axudas para explotacións que se vén afectadas por limitacións naturais derivadas da altitude, orografía e outras.

5º) Implementar unha liña de axudas aos afectados polo peche derivado da situación de emerxencia sanitaria nos mercados locais e feiras.

6º) Establecer mecanismos para que os servizos de comedores e *catering* dependentes da Xunta de Galicia utilicen materia prima do noso país.

7º) Establecer un programa para a modernización tecnolóxica das explotacións e a comercialización dos seus produtos por vía das novas tecnoloxías.

8º) Apostar polos centros de investigación públicos con investimento e profesionais que melloren a calidade da nosa carne e da súa alimentación.

9º) Elaborar un proxecto de innovación no sector cárnico, para a investigación de novos produtos elaborados, novos sistemas de envasado e comercialización exterior, que mellore a competitividade do sector.

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 06/10/2020 13:48:30

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/10/2020 13:49:03

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/10/2020 13:49:16

